

**BASES XERAIS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE ALUMNADO
TRABALLADOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “A POBRA DO BROLLÓ, BÓVEDA, E O INCIO”
CONCELLO PROMOTOR A POBRA DO BROLLÓN”**

Primeira. Obxecto.

As presentes bases teñen como finalidade a determinación do sistema, procedemento e baremo que se aplicará na selección de VINTE (20) alumnos/as-traballadores/as do obradoiro dual de emprego A Pobra do Brollón, Bóveda e o Incio”, Concello promotor A Pobra do Brollón e realizado convenio con Bóveda e O Incio, conforme ao previsto na Orde do 21 de febreiro de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 46 do 08/03/2022) e a circular de data 26/04/2022 da Dirección Xeral de Formación e Colocación, que regula os requisitos para a selección do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego. A duración do obradoiro será de 12 meses.

As especialidades formativas a impartir son:

CÓDIGO	ESPECIALIDADE	NIVEL CERTIF.	NÚM. ALUM.-PROFESIONALIDAD	CONCELLO
		TRABALLADOR		
AGAO0108	Actividades auxiliares de viveiros, xardíns e centros de xardinaria	Nivel 1	20	A Pobra de Brollón, Bóveda e O Incio

Segunda. Relación xurídica das persoas traballadoras participantes coa entidade promotora do obradoiro de emprego.

O/A alumno/a-traballador/a estará vinculado/a á entidade convocadora mediante a modalidade de contrato de formación e aprendizaxe durante unha duración de 12 meses a xornada completa. O alumno/a traballador/a deberá cumplir os requisitos para poder asinar esta modalidade de contrato, coas particularidades que establece a disposición adicional primeira do Real Decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, e percibirá as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.

Terceira. Requisitos dos aspirantes.

As persoas participantes no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

- Ter dezaoito ou máis anos de idade.
- Estar desempregadas, entendéndose nesta situación as persoas demandantes de emprego





XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21·22 galicia



OBRADOIROS
DE EMPREGO
DE GALICIA



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE

inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean disponíveis para o emprego. Este requisito deberá de manterse na súa data de incorporación ao proxecto.

- Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 desta orde de convocatoria.
- Cando a formación a impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, cumplir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan ditos certificados.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo, non podendo atoparse en situación de incapacidade ou baixa médica.

Serán causas de exclusión:

- Non cumplir os requisitos esixidos nestas bases e na orde de convocatoria, no momento da súa incorporación ao obradoiro dual de emprego.
- Ter cursado a especialidade formativa que se programa no obradoiro e para a cal foi seleccionado/a.

Cuarta. Oferta de actividade.

Previamente á selección das persoas candidatas presentaranse ofertas de emprego, en función das especialidades formativas que se van a impartir e do Concello nos que están localizadas as actuacións previstas no proxecto de obradoiro, definindo nas mesmas os parámetros de sondaxe.

Neste caso correspónelle tramitar as ofertas ás oficinas de emprego de:

Oficina de emprego Sarria:


OFERTA 1

- Ámbito xeográfico: Concello de O Incio.
- Número de alumnos/as- traballadores/as: 7
- Especialidade formativa a cursar:

AGAO0108

Actividades auxiliares de viveiros, xardíns e centros de xardinería. Nivel 1

- Ocupacións ou postos de traballo relacionados:



Cod. Validación: 675QA243AN9ZD1ETTHAS2PZZ | Corrección: https://concelloautobrandoiron.sedelectronica.es/ Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona.es | Páxina 2 a 10



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21·22 galicia



OBRADOIROS
DE EMPREGO
DE GALICIA



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE

- Peón agrícola en xeral
- Peón de Viveiro
- Peón de Centros de Xardinaria
- Peón de Horticultura, Xardinaria
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados no Real Decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demais esixidos nestas bases.

Oficina de emprego Monforte de Lemos:

OFERTA 2

- Ámbito xeográfico: Concello de Bóveda.
- Número de alumnos/as- traballadores/as: 7
- Especialidade formativa a cursar:

AGAO0108

Actividades auxiliares de viveiros, xardíns e centros de xardinería. Nivel 1

- Ocupacións ou postos de traballo relacionados:
 - Peón agrícola en xeral
 - Peón de Viveiro
 - Peón de Centros de Xardinaria
 - Peón de Horticultura, Xardinaria
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados no Real Decreto que regula o certificado de profesionalidade e os demais esixidos nestas bases.

OFERTA 3

- Ámbito xeográfico: Concello de A Pobra do Brollón.
- Número de alumnos/as- traballadores/as: 6
- Especialidade formativa a cursar:
- Especialidade formativa a cursar:

AGAO0108

Actividades auxiliares de viveiros, xardíns e centros de xardinería. Nivel 1

- Ocupacións ou postos de traballo relacionados:
 - Peón agrícola en xeral
 - Peón de Viveiro
 - Peón de Centros de Xardinaria
 - Peón de Horticultura, Xardinaria
- Requisitos: reunir os requisitos sinalados no Real Decreto que regula o certificado de



Cod. Validación: 675QA243ANGZD1ETTHAS2PZZ | Corrección: https://concelloabradorobrillon.sedelectronica.es/

Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona.es | Páxina 3 a 10

profesionalidade e os demais esixidos nestas bases.

Unha vez recibidas as listaxes de candidatos/as, o Concello da Pobra do Brollón elaborará unha listaxe conxunta de admitidos/as e realizará a pertinente citación ao proceso selectivo, para o que poderá solicitar o apoio administrativo dos outros dous Concellos.

O Concello Da Pobra do Brollón, Bóveda, e/ou o Incio, comunicarán aos/ás candidatos/as o lugar, día e hora na que deberán asistir para realizar a selección orientada a cubrir as ofertas de emprego formuladas, indicándolle a documentación que deberán presentar o día do proceso selectivo para a baremación de méritos, que deberá ser orixinal ou copia compulsada que acredite os méritos sinalados nas bases, así como unha copia para o tribunal de selección.

Quinta. Procedemento de selección.

O sistema de selección será o concurso, previa tramitación de oferta de emprego ante o Servizo de Emprego Público de Galicia.


De acordo co disposto na orde de convocatoria terán preferencia para participar nestes proxectos as persoas que, tendo prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como os emigrantes retornados; as mulleres en xeral; as mulleres vítimas de violencia de xénero; as persoas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego; as persoas paradas de longa duración; as persoas maiores de corenta e cinco anos; as persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior, excepto para os certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 3 en que se require unha maior formación, xa que estes programas van dirixidos ás persoas que, con carácter xeral, carecen dunha cualificación profesional; as persoas con discapacidade, sempre que poidan realizar os traballos, e as persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia.

En todo caso, terán prioridade na selección aquelas persoas alumnas candidatas que non tiveran participado nos cinco últimos anos nun obradoiro de emprego, polo que aqueles que participaron en anteriores obradoiros pasarán ao final da lista no orde que lle corresponda tendo en conta a súa puntuación.

Á vista do anterior, o Tribunal de selección en primeiro lugar celebrará unha entrevista persoal co obxectivo de avaliar o interese da persoa candidata en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo, entrevista que se valorará con 11 puntos.

Unha vez rematadas todas as entrevistas, faranse públicas as puntuacións no mesmo local en que tiveron lugar as mesmas.

A continuación terá lugar a baremación de méritos obxectivos, baremo establecido na Base Oitava.





por medio do cal serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais das persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego, cunha puntuación máxima de 25 puntos.

Finalizado o proceso de selección, o tribunal procederá ao establecemento das puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento; puntuacións que virán dadas pola suma dos puntos acadados na entrevista persoal e na valoración de méritos e determinarán a orde de prelación das persoas candidatas para a súa ulterior contratación pola entidade promotora.

A relación das persoas admitidas (facendo constar para cada unha a puntuación total e a/as especialidade/s formativas ás que son adscritos) e excluídas (sinalando neste último suposto os motivos da exclusión) no proceso selectivo será exposta no taboleiro de anuncios da entidade promotora, así como nos taboleiros de anuncios das oficinas de emprego. No caso de que as sondaxes da oferta se realizasen en Concellos pertencentes a outra oficina de emprego distinta da que tramita a oferta de emprego tamén se expoñerán no oficina de emprego correspondente.

O Tribunal de selección asinará a acta de todo o actuado, por duplicado exemplar, e remitirá un exemplar á entidade promotora para o seu cumprimento e outro á xefatura territorial.

Sexta. Funcións.

As actuacións a realizar polo obradoiro dual de emprego consistirán, dentro das especialidades AGAO0108 “Actividades auxiliares de viveiros, xardíns e centros de xardinaria” e en realizar operacións auxiliares en tratamentos silvícolas, traballos auxiliares en aproveitamentos madereiros e tratamiento de soportes de revestimento en construcción.

Sétima. Tribunal de selección

O tribunal de selección estará formado por un presidente , un secretario/a , e tres vogais.

O nomeamento dos membros que constituirán o Tribunal Cualificador, realizarase por decreto do Sr. Alcalde do Concello da Pobra do Brollón.

Os membros deste órganio deberán absterse de intervir, notificándolle á autoridade convocante, cando concorran neles algúnhia das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro do Régime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os/as interesados/as poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 do mesmo texto legal.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de dous membros máis o presidente que o integran.

O órganio seleccionador resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso en todo o que non estea previsto nestas bases.





XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21·22 galicia



OBRADOIROS
DE EMPREGO
DE GALICIA



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola citada lei 40/2015 do 01 de outubro do Régime Xurídico do Sector Público.

Oitava. -Valoración.

Puntuaranse do seguinte xeito e tendo en conta o establecido no artigo 11 da Orde do 21 de febreiro de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 46 do 08/03/2021), e a circular da Dirección Xeral de Formación e Colocación, que regula os requisitos para a selección do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego.

1.- MULLERES

- Mulleres vítimas de violencia de xénero2 puntos.
- Mulleres non puntuadas no apartado anterior.....1 punto.

2.- IDADE

- 18 - 29 anos4 puntos.
- 30 - 44 anos1 punto.
- 45 ou máis3 puntos.

3.- DISCAPACIDADE

- Minusvalía >= 33 %1 punto.

4.- PROTECCIÓN DE DESEMPEÑO

- Perceptores de desemprego1 punto.
- Perceptores de subsidios.....2 puntos.
- Non perceptores4 puntos.

5.- TEMPO DE DESEMPEÑO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO

- Menos de 12 meses1 punto.
- De 12 a 18 meses...2 puntos.
- Máis de 18 meses...4 puntos.
-

6.- CATEGORÍA PROFESIONAL (NO TRABALLO INMEDIATAMENTE ANTERIOR SEGUNDO VIDA LABORAL)

- Autónomos0 puntos.
- Grupo de cotización del 1 al 70 puntos.
- Grupo de cotización 81 punto.
- Grupo de cotización 92 puntos.
- Grupo de cotización 103 puntos.
- Sen emprego anterior4 puntos.



Cod. Validación: 675QAZ43AN9ZD1ETTHAS2PZZ | Corrección: https://concelloabradoirollon.sedelectronica.es/

Documento assinado electrónicamente desde a plataforma xestiona.es | Páxina 6 a 10



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21·22 galicia



OBRADOIROS
DE EMPLEO
DE GALICIA



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE

7.- PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (Acreditado mediante certificación dos servizos sociais do concello respectivo ou do Servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración, da Consellería de Política Social.....)

- Pessoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia perceptores (RISGA)1 punto.

8.- FORMACIÓN ACADÉMICA

- Ata graduado/ESO..... 3 puntos.
- Bacharelato/BUP e FP ciclo medio..... 2 puntos.
- Títulos universitarios e de FP de ciclo superior..... 1 punto.

9.- RESPONSABILIDADES FAMILIARES / UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA (entendéndose por elas a existencia dunha unidade familiar na que a persoa candidata teña ao seu cargo ao cónxuge, fillos/as menores de 25 anos ou maiores incapacitados ou menores acollidos. Para a consideración dos dous membros dunha parella de feito como integrantes dunha unidade familiar deberán presentar certificación da súa inscrición nos rexistros específicos existentes na comarca autónoma ou Concellos onde residan e no suposto da inexistencia de dita inscrición, mediante documento público no que conste a constitución de dita parella)

- Unidade familiar de 4 ou máis membros1 punto.
- Monoparental con fillo/s1 punto.

10.- OUTROS

- Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario de Inserción Profesional (IPI) con anterioridade a data da firma destas bases, e concretamente a especialidade formativa obxecto este obradoiro (AGAO0108).....1 punto.


11.- ENTREVISTA

- Na que se valorará o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo. Puntuarase ata un máximo de11 puntos.

No caso de empate, terase en conta o establecido na circular da D.X. de Formación e Colocación de data 26/04/2022, que recolle as instrucións en relación co procedemento de selección do alumnado - traballador. De persistir o empate, resolverase por sorteo público diante das persoas interesadas.

Novena. Modo de acreditación dos méritos.

Os candidatos presentarán a xustificación dos méritos alegados do seguinte xeito, na data en que sexan citados ao proceso selectivo:



Cod. Validación: 675QA243AN9ZD1ETTHAS2PZZ | Corrección: https://concelloabragadorollon.sedelectronica.es/ | Páxina 7 a 10
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico |



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21·22 gálicia



OBRADOIROS
DE EMPREGO
DE GALICIA



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE

- Criterio 1: DNI e acreditación expedida polos servizos sociais da Admón. Pública autonómica ou local correspondente.
- Criterio 2: DNI.
- Criterio 3: Certificado de discapacidade.
- Criterio 4: Documento acreditativo da oficina de emprego ou da Seguridade Social segundo sea o caso.
- Criterio 5: Certificado da oficina de emprego e vida laboral.
- Criterio 6: Vida laboral actualizada.
- Criterio 7: Certificado dos Servizos Sociais do Concello ou organismo competente.
- Criterio 8: Declaración responsable / Titulación que posúa o interesado/a
- Criterio 9: Libro de familia, certificado de inscrición como parella de feito, certificado de convivencia ou certificado de familia monoparental.
- Criterio 10: Certificado da oficina de emprego de ter planificado no seu itinerario profesional de inserción a súa participación neste programa.

Décima. Listaxe de reserva.

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal levantarán acta na que se farán constar as puntuacións obtidas por cada aspirante ordenadas de maior a menor puntuación, e que incluirá unha proposta de selección. Coa finalidade de suplir as posibles baixas das persoas seleccionadas como alumnas traballadoras, poderá elaborar unha listaxe de reserva que estará integrada polas persoas candidatas que, non sendo seleccionadas, obtiveran as maiores puntuacións. En caso de esgotarse realizaríase novamente oferta na oficina de emprego.


Esta listaxe de reserva terá vixencia mentres sexa posible substituír ao alumno/a traballador/a. Esta listaxe de reserva indicará o ámbito xeográfico ao que pertence cada candidato, feito a ter en conta a hora de cubrir posibles vacantes.

No caso de renuncia expresa á participar no proxecto por parte dos/as candidatos/as seleccionados/as ou vacantes posteriores, procederase ao chamamento do seguinte na relación dos non seleccionados de acordo coa orde establecida e tendo en conta o ámbito xeográfico onde se produza a vacante.

Décimo primeira. Admisión. Presentación de documentación.

Os/as aspirantes propostas/as para a súa participación no proxecto presentarán no Rexistro Xeral do Concello de Bóveda, previamente á formalización dos contratos, a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI.
- b) Certificado médico que acredite non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto, así como non estar en situación de incapacidade.
- c) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar





XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21·22 galicia



OBRADOIROS
DE EMPREGO
DE GALICIA



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE

incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

e) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.

f) IBAN da conta bancaria (24 díxitos).

Décimo segunda. Incidencias e reclamacións.

As incidencias e reclamacións que se poidan suscitar, derivadas dos procesos de selección, presentaranse ante este Tribunal de selección no prazo de 1 día natural, a contar desde o seguinte ao da exposición da relación de persoas candidatas admitidas, excluídas e reservas, e serán resoltas por este, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

Décimo terceira. Comezo das tarefas propias do posto para o que foi seleccionado/a.

Unha vez publicado o resultado da selección no taboleiro de anuncios do Concello e trala presentación dos documentos relacionados no apartado anterior, procederase á sinatura do respectivo contrato, comezando posteriormente o/a alumno /a traballador/a a prestar os seus servizos no obradoiro de emprego.

A non presentación no posto no día e hora indicados para o comezo da relación, enténdese como renuncia ao posto salvo causas debidamente xustificadas.

Décimo cuarta. Normativa de aplicación.

En todo o non previsto nestas bases serán de aplicación as seguintes disposicións:

- Orde do 27 de decembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Circular 53/2020 de 22/07/2020 da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, que regulan os requisitos para a selección do alumnado-traballador dos obradoiros de duais emprego
- Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.
- Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público



Cod. Validación: 675QA243ANGZDIE1TTHAS2PZZ | Corrección: https://concelloatobrandoiron.sedelectronica.es/ | Páxina 9 a 10
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona.es



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21·22

gálicia



OBRADOIROS
DE EMPREGO
DE GALICIA



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE

Décimo quinta. Publicidade das bases.

Estas bases serán publicadas na páxina web ou sede electrónica da entidade promotora, taboleiro físico de anuncios da entidade promotora e das oficinas de emprego que tramiten a oferta e da xefatura territorial.

Décimo sexta. Régime de recursos.


Contra o acordo de aprobacións das bases desta convocatoria, que é definitivo na vía administrativa, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía, no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

A Pobra do Brollón, 10 de Agosto de 2022

O Alcalde,

J. Luis Maceda Vilariño

(documento asinado digitalmente a marxe)



Cod. Validación: 675QA243ANGZD1ETTHAS2PZZ | Corrección: https://concelloaboadobrollon.sedelectronica.es/

Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona.es | Páxina 10 a 10